



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B SPR	Documento 1051AI05KI	
Código de verificación 	Expediente 105/2026/327	
0V3D 044R 510R 0C6P 1DLU	Fecha 13-02-2026	

ANUNCIO RELATIVO A APERTURA DE PRAZO DE SOLICITUDES DE BOLSA COMEDOR PARA O CURSO ESCOLAR 2026/2027

A concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local, resolveu o 12/02/2026 (RES/AYT/2553/2026), entre outros:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o curso escolar 2026/2027, que se une ao expediente mediante documento con código seguro de verificación 0V21 6N15 3100 603Q 0404 na súa versión en castelán e 3M2J 730C 2356 3B3L 09IE na súa versión en galego.

Achégase coa convocatoria os seguintes documentos con código seguro de verificación:

- Solicitud específica para a convocatoria 2026/2027: 5H12 6Y3D 1L6L 6R5R 0MOO
- ANEXO I Consentimento para a consulta de datos : 092N 4H0K 4E3W 3952 0K2V
- ANEXO II Declaración xurada de ingresos das persoas proxenitoras: 3N70 4S52 2N4C 723D 0ZUA.

O gasto total desta convocatoria será de 2.600.000,00€ ,que se distribúe nas seguintes anualidades: 806.000,00€ con cargo ao orzamento da anualidade 2026 e 1.794.000,00€ con cargo a anualidade 2027.

SEGUNDO.- Reter crédito para facer fronte aos gastos deste programa na aplicación 51.231.22723 do orzamento municipal en vigor:

- Na anualidade 2026 por un importe de 806.000,00€, destinados a pagar os meses de setembro a novembro do 2026.
- Na anualidade 2027 por importe de 1.794.000,00€, destinados a pagar os meses de decembro do 2026 a xuño do 2027. Este crédito quedará condicionado a que exista crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal para o exercicio 2027.

TERCEIRO.- Realizar os trámites precisos para publicar a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña, na sede electrónica do Concello da Coruña e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO.- Encomendar ao Servizo de Servizos Sociais a tramitación e seguimento deste expediente.

QUINTO.- Contra o presente acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer polos interesados, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que adopta este acordo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do mesmo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/15, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou interpoñer directamente, recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa), sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente

Tal e como se recolle no apartado 8.3. da convocatoria, o prazo para presentar solicitudes empezará o día 23 de febreiro de 2026 e finalizará 13 de marzo de 2026.

A convocatoria foi obxecto de publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións co código 886975 (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatorias/886975>).



Concello da Coruña

A publicación do extracto no Boletín Oficial da provincia da Coruña realizouse no núm.34, do 20/02/2026 (https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2026/02/20/2026_0000000939.pdf).

Tendo en conta o anteriormente exposto, o prazo para presentar solicitudes empezará o día 23 de febreiro de 2026 e finalizará 13 de marzo de 2026

Dentro deste prazo as persoas solicitantes poderán presentar a súa solicitude:

- De xeito presencial: nas oficinas dos rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum, e a Franxa. Aquí facilitaránse copias da solicitude e anexos para facilitar a presentación.
- De forma telemática ou electrónica: na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede/es/tramites-y-servicios-electronicos/guia-de-procedimientos-y-servicios/detalle-de-procedimientos/becas-comedor/contenido/1453739229256>)
- Por calquera outro medio dos que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

A Xefa do Servizo de Acción Social